



área sanitaria de FERROL

RESUMO DA DO XUNTANZA COMITÉ DE SAÚDE LABORAL DA ÁREA SANITARIA DE FERROL

Xoves, 15 outubro, 12:30h

Os puntos da ORDE DO DÍA tratados foron os seguintes:

1- Gripe A. Tarefas de maior risco. Procedemento.

Informan que están a aplicar a Instrucción 10/2009 de medidas en materia de persoal como consecuencia da pandemia da gripe A.

Elaboraron un listado de postos de traballo con risco de xeración de aerosois, que a falta de pasalo como documentación, nomean os servizos afectados: UCI, REA, quirófano, urxencias (trixe, críticos e boxes), hospitalización de agudos, neumoloxía, ORL, pediatría (hospital e atención primaria), persoal de PACs e autopsias. Ademais enviaron correo electrónico a todo o persoal da área solicitando que @s traballador@s con factores de risco fronte a gripe A se puxera en contacto coa Unidade de Prevención de Riscos Laborais. A cita para vixiancia da saúde dase en 24-48 horas. Por outra banda, @s traballador@s de novo ingreso son derivados pola Área de Persoal á Unidade de Prevención para apertura de historia clínica laboral (anamnesis, factores de risco, seroloxía), ademais de proporcionarlles información sobre accidentes de traballo e uso dos EPIs ante a gripe A.

CIG-SAUDE pregunta se recibiron moitas solicitudes de vixiancia de saúde por risco ante a gripe A. Contestan que só 6 peticiónes, fundamentalmente de persoal de atención primaria. Pólo momento só hai 1 informe feito, no que se restrinxen o triaxe de pacientes en atención primaria.

2- Mapa riscos Area Sanitaria.

Informan que o mapa estará listo a finais de novembro, e que vai ser difícil reflectir os postos exentos de risco para o embarazo e a lactancia.

CIG-SAUDE expón que a avaliación inicial de riscos da área non está rematada e que as revisións das avaliacións xá feitas tampouco. A explicación que dan é que o documento de planificación das avaliacións é un “documento vivo”, que se actualiza á vez que se fai vixiancia de saúde, iniciando a revisión da avaliación inicial polo Hospital Arquitecto Marcide.



área sanitaria de FERROL

3- Regulamento de Réxime interno do Comité.

O borrador dado como definitivo pola anterior dirección data do 30.03.2009.

CIG-SAUDE comenta que dito documento non recolle ningunha das alegacións presentadas, polo que a nova dirección solicita que se lle remitan de novo para estudialas.

4- Protocolo de coordinación de actividades empresariais.

Expoñen que o primeiro borrador data de marzo de 2009 e que o están a revisar, a previsión é a de ter proposta definitiva a finais de novembro.

CIG-SAUDE recorda a situación da área: mais de 30 empresas subcontratadas e un escrito dos xefes de mantemento no que dimitían do seu cargo e alertaban dos riscos laborais pola falta de coordinación coas empresas subcontratadas (climatización, ascensores, ...)

5- Plan de Emerxencias Área Sanitaria: Hospital Arquitecto Marcide.

Siguen pendentes da documentación solicitada ó servizo de mantemento. Polo demáis, o plan xa está rematado e sigue a Norma Básica de Autoprotección, recollendo: descripción do centro, avaliación de riscos, medios contraincendios, programa de mantemento das instalacións e implantación da secuencia de actuación.

Os delegados de prevención reiteramos a petición de que alguén de mantemento e de RREE veña ás reunións do CSL, obtendo o compromiso do director de RRHH de que así será no caso do persoal de mantemento, pero que non ve necesaria a presenza de RREE.

6- Problemática adaptacións postos de traballo.

Trátanse varios casos particulares, dos que concluímos o seguinte:

- non existen unidades libres de látex, senón que se fai unha política de compras de produtos libres de látex.
- no caso de traballador@s con cambio de posto por saúde laboral, é preciso valorar todo posto de traballo diferente ó adaptado antes de destinalos a eles, por exemplo, os postos que desenrolan os sábados para completar xornada.

CIG-SAUDE expón que non se están a revisar as adaptacións, recoñecendo a Unidade de Prevención que levan retraso dun mes. Informan que no 1º semestre realizaron 51 adaptacións de posto (inclúen revisións, solicitudes de adaptación, embarazo e lactancia).



área sanitaria de FERROL

Os delegados de prevención reiteramos a problemática dos cambios de posto para consultas externas, que xá non é un saco sen fondo. **CIG-SAUDE** sigue coa súa teima de que as adaptacións deben ser en positivo (o que pode facer @traballad@r) e non só en negativo (o que non pode facer), e que as medidas de adaptación non só son técnicas senón tamén de organización do traballo, sobre todo no caso dos “apto con restricións”.

A verdade é que a dirección non ten nin idea de qué facer con este tema e solicitan alternativas por parte dos presentes.

Dende a Unidade de Prevención expoñen que os “non aptos” deberían valorarse no CSL, e que para evitar tantas solicitudes de adaptación, os recoñecementos iniciais (antes de incorporarse ó posto de traballo) serían os máis importantes. De feito, cada 15 días a Unidade de Prevención recibe listado das novas incorporacións á área e cítanse para revisión dentro do 1º mes trala súa incorporación (é dicir, xa levan 1 mes traballando)

Plantexan a problemática do persoal que é citado a recoñecemento e non acude. Recordan que a vixilancia de saúde é voluntaria agás no caso de risco de enfermidade profesional ou risco a terceiros (por exemplo, a exposición a risco biolóxico), no que a vixilancia é obrigatoria para @traballad@r. Dende **CIG-SAUDE** pensamos que é a propia Unidade de Prevención quen ten que informar @traballad@r se está obrigado ou non a facer o recoñecemento, ademais de interesarse polas causas da non asistencia.

7- Dotación de uniforme ao persoal do PAC e Hospitalización a Domicilio.

Informan que xa se está a entregar, pero só ó persoal específico de PAC e HADO, tendo previsións de que no 1º trimestre de 2010 se lle entregue tamén ó persoal de consulta que fai gardas voluntarias en PAC.

CIG-SAUDE expón que só se entregou 1 uniforme e que dende lavandería din que hai que lavalos na casa, cando no caso de exposición a risco biolóxico, está prohibido levar o uniforme á casa. A dirección de RRHH comprométese a estudar a problemática do lavado.

CIG-SAUDE dí que sería boa idea avisar ó persoal de que non manden os novos uniformes a lavandería, xá que os sacos van directamente ás máquinas, sen revisar o contido, e o uniforme estropearíase con altas temperaturas. Por outra banda, solicita que os chaquetóns que está a entregar o persoal de PAC a cambio dos novos, se lles den ós celadores de PAC.



área sanitaria de FERROL

8- Requerimento da Inspección de Traballo:

- Camas de psiquiatría.

Van cambiar as camas problemáticas por 20 camas do Hospital Naval, de feito xa hai 4 destas camas em hiperagudos. Os delegados de prevención preguntamos as condicións destas camas, obtendo como información que irán sen baldas e gotero, e seguirán sen estar fixas no chan. Sinalamos que o técnico de seguridade deberá preocuparse por estas condicións, aínda que as camas xa pasaran o “visto bo” da supervisora e do xefe do servizo, das auxiliares de enfermería e do director de RRHH. Este último comprométese en darnos unha resposta sobre a seguridade das novas camas en 1 semana.

- Nave do polígono do Pozo.

Está pendente de compra o carro recomendado no informe ergonómico, que pasará un período de proba e se vai ben, mercaranse máis unidades. Aínda non teñen o informe de Severiano Gestión sobre a temperatura e humidade na nave. **CIG-SAUDE** recorda que hai máis de 5 grados de diferenza entre un punto e outro da nave, e que precisan máis medios materiais (mesas, ordenadores, ...). Tamén comenta que as taquillas non chegan, xa que a taquilla dobre é para unha persoa, non para dúas.

- Material envellecido da 6ª planta de Medicina Interna.

Teñen 40 camas para enviar ás plantas envellecidas, presentando algún problema as baldas e os palos de gotero. Tamén pasarán un período de proba xa que son máis grandes que as do Marcide. A distribución das camas entre as plantas será decisión do xefe de celadores xunto con dirección de enfermería. Ademais informan que na 6ª planta teñen proxectado xuntar 2 duchas para facer 1 máis grande a finais de ano.

CIG-SAUDE incide en que se non hai proxecto de reforma destas plantas, o mantemento das mesmas debería ser prioritario, e dicir, que os partes de avería deberían atenderse coa celeridade pertinente.

- Taquillas do Hospital Arquitecto Marcide.

Informan que xa existe un protocolo de apertura de taquillas secuencial, cada mes e medio ou 2 meses, para detectar as taquillas non usadas e darllas o persoal que non ten. **CIG-SAUDE** recorda que o requerimento de inspección de traballo é para ter taquillas dobres (unha para a roupa de rúa e outra para a roupa de traballo). Ademais os delegados de prevención denunciámos que o antigo arquivo se habilitou como vestiario pero carece de lavabos, duchas e bancos. A Dirección comprométese a poñer bancos e estudar o tema dos sanitarios e duchas.



área sanitaria de FERROL

- Anatomía Patolóxica.

Xa mercaron a nova mesa de tallado, que está pendente de instalar. Continúa pendente a medición definitiva dos niveis de formaldehído, xa que mantemento segue sen entregar os datos requeridos pola hixienista sobre a velocidade de renovación do aire na sala de tallado.

CIG-SAUDE pregunta polas taquillas dobres requeridas pola inspección. A dirección contesta que é preciso facer obras para poñelas e que están pendentes da recomendación do xefe de servizo sobre como redistribuir os espazos. **CIG-SAUDE** tamén informa de varias queixas dos traballadores: a necesidade dunha campana para a parafina e, por outra banda, o cheiro tan forte que nas últimas semanas hai na unidade e que relacionan coa falta de ventilación.

- Formación mandos intermédios en prevención de riscos.

Existe un presuposto diferenciado para esta actividade, pero de momento non se pode facer a formación dende a área sanitaria. Están a ver si a formación pode ser a distancia a través da FEGAS. Recoñecen que non teñen o listado de mandos sen formación, aínda que ese listado estaba feito en atención especializada pero non entre os mandos de primaria. Comprométense a iniciar a formación no 1º trimestre do ano que ven. **CIG-SAUDE** sinala que existen cursos de prevención en riscos laborais polos Gabinetes Provinciais de Saúde Laboral, o que tamén podería ser outra opción.

- Vixilancia de saúde.

A falta de documentación por escrito, informan do seguinte sobre o 1º semestre:

- 673 ofertas de vixilancia de saúde
- 175 traballador@s que non acuden á cita
- 6 traballador@s que asinaron a negativa á vixilancia.

Fundamentalmente os recoñecementos foron de persoal do HAM, poucos do Naval e Novoa, e menos de Atención Primaria e a nave do Polígono do Pozo. Teñen previsto que en marzo de 2010 todo o persoal da área teña feita a vixilancia da saúde.

CIG-SAUDE pregunta se o médico contratado para axudar nesta tarefa sigue a asinar os “aptos” dos recoñecementos, xa que ó non ser médico do traballo, pode facer a vixilancia segun os protocolos pero esta ten que ser revisada e asinada por un médico do traballo. Dende dirección din que sí pode facerse porque así o fan as mutuas. **CIG-SAUDE** informa que dará coñecemento de todo isto á autoridade laboral xa que inspección de traballo confirmou que non se pode facer e que o tema xa pasaba a ser competencia



área sanitaria de FERROL

da Consellería de Traballo. Por outra banda, **CIG-SAUDE** comenta as queixas d@s traballador@s sobre que non se lles aplican os mesmos protocolos dentro do mesmo servizo e os mesmos postos, respostando a médico de prevención que sería desexable que a sistemática de traballo de cada médico se parecesen, pero que se non é así e @ traballad@r non está content@, que volva pasar pola Unidade.

- Ramplas celadores (RX)

Proxectado a obra na rampla de Rx, que é a mais pronunciada. No resto das ramplas (tódalas plantas que non se reformaron) o informe ergonómico tamén recomendaba rebaixar a pendente, pero o técnico de seguridade sigue vendo esta obra como complexa.

9. Deficiencias en Lavandería.

No informe técnico recollíanse problemas de climatización, de extracción localizada dos vapores das máquinas, así como a proposta dalgúns cambios organizativos. Tamén demostraba que o ruído no posto de pranchadora, lavandeira e celador é superior ós 80 dB.

Informan que vaise cambiar a calandra na semana que ven e o xefe de lavandería está a estudar a posibilidade de unificar os turnos nun único turno de mañá, o que parece factible no caso da prancha pero non nas lavandeiras. Tamén din que entregaron tapóns de ouvidos para os postos expostos a ruído.

CIG-SAUDE recorda que a LPRL expón que antes de aplicar medidas de protección individual, hai que aplicar medidas de protección colectiva, como as recollidas no informe técnico (paneis acústicos e mantemento preventivo das máquinas)

En ROGOS E PREGUNTAS CIG-SAÚDE interésase polo seguinte:

- Estudio das CARGAS DE TRABAJO DOS CELADORES DA 7ª PLANTA. Este punto foi tratado en reunión da Comisión de Especializada coa Dirección de RRHH, sendo campo de estudio pola ergónoma. Non saben, non contestan.
- SALA AUTOPSIAS. Recibimos queixas sobre a falta de limpeza e material, ademáis das malas condicións das duchas. Informan que está pendente de reformas.
- PROTOCOLO ASCENSORES. Sendo coñecedores deste novo protocolo no que se fai responsables ós telefonistas de localizar o ascensor averiado e avisar a mantemento, informamos desde **CIG-SAUDE** á dirección que aproximadamente o 40% das chamadas de socorro dende dentro dos ascensores, non chegan á centraliña telefónica. Tamén comentamos desde **CIG-SAUDE** a nosa idea de que si os ascensores dependen dunha empresa subcontratada, é responsabilidade da mesma solucionar as averías e o rescate



área sanitaria de FERROL

das persoas que se queden encerradas, igual que en calquera comunidade de veciños.

- INFORME ERGONÓMICO DA CONSULTA DE ENDOCRINO. Sabemos pol@s traballador@s de dita consulta que fíxose un informe no que se recomendaban medidas na iluminación e sillas. A dirección dí que xa está solucionado.

- ACCIDENTE DE TRABALLO NO FONTENLA: ALTAS TEMPERATURAS. Este é un problema habitual nas consultas do fronte do Fontenla, esperamos que unha vez comunicado como AT e polo mesmo xefe da unidade de tarde, se lle poma solución dunha vez por todas.

Por último, o director de RRHH informa de que non está de acordo en entregarnos un cronograma das actividades da Unidade de Prevención, xa que os delegados –según él- só temos dereito a preguntar se fan o que teñen que facer e non a saber o que fan e cando????

CIG-SAUDE expón que dende marzo de 2009 os delegados de prevención NON RECIBIMOS NINGUNHA DOCUMENTACIÓN REFERENTE Á PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS e mais concretamente, a documentación solicitada por **CIG-SAUDE** (registro de entrada do 29 de xullo de 2009) no referente ó 1º semestre de 2009:

- relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais,
- resultados dos controis do estado de saúde dos/as traballadores/as (aptos e non aptos),
- relación do persoal con adaptación ou cambio de posto de traballo por razón de saúde laboral, maternidade ou lactancia,
- avaliacións de risco e informes técnicos realizados,
- informe ergonómico específico por manipulación manual de cargas dos celadores do Hospital Arquitecto Marcide e vixiancia de saúde deste colectivo.